



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TORDOIA

*Anuncio aprobación definitiva da implantación Ordenanza fiscal Escola Infantil de Tordoia*

##### ANUNCIO

Publicado o anuncio de aprobación inicial da implantación Ordenanza Fiscal de Escola Infantil de Tordoia no BOP número 206/2025 do 28 de outubro de 2025 e transcorrido o prazo de presentación de alegacións sen presentarse ningunha, enténdese aprobada definitivamente e procedese á publicación do texto íntegro do mesmo, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/85

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

##### Artigo 1. Fundamento legal

O Concello de Tordoia establece a taxa pola prestación dos servizos da Escola infantil municipal que se rexerá pola presente ordenanza fiscal atendendo ao contemplado nas normas de funcionamento interno da Escola infantil municipal, de acordo coa seguinte normativa:

- Artigos 133.2 e 142 da Constitución Española
- Artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Artigos 15 e 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais
- Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social, modificado pola Resolución de 10 de maio de 2017, pola que se actualizan os prezos das escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Consellería de Política Social
- Ordes de convocatoria anuais de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da Comunidade Autónoma de Galicia para as escolas infantís 0-3 .
- Normas de funcionamento (Regulamento de Réxime Interno) da escola infantil municipal de Tordoia.

##### Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas que resulten beneficiaria polo servizo que constitúe o feito imponible desta taxa. Tendo en conta que os e as usuarias do servizo gravado por esta taxa son menores de idade, e non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome os seu pais, nais, titores ou calquer outro representante legal.

##### Artigo 3. Responsables

3.1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.2. Serán responsables subsidiarias as persoas ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

##### Artigo 4.- Regras e definicións para a determinación do importe a pagar

Para os efectos da determinación das tarifas a pagar, a renda per capitá mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- 1.- Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
  - os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
  - os/as fillos/as maiores de idade con medidas de apoio xudiciais.
  - os/as fillos/as maiores de dezoito anos con discapacidade cun grao de minusvalía superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos aos que se refiren as seguintes regras.

2.- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no cal se pretenda que produza efectos de cada un dos membros ds unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa sobre o imposto da renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado mediante a presentación das copias certificadas pola administración tributaria das declaracións de IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen ditas declaracións.

3.- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais incrementarase un 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

4.- A renda per capitá mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

#### Artigo 5. Cota tributaria

**2.1.** A base imponible estará constituída polos servizos prestados de acordo coas normas de funcionamento interno da escola infantil e a resolución do 10 de maio de 2017 (incluídas as reducións correspondentes) pola que se actualiza os prezos das escolas infantís, en cumprimento do expresado no Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro coas súas modificacións e actualizacións correspondentes.

#### 2.2. Servizos de atención educativa:

O servizo de atención educativa está bonificado ao 100% pola Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas ordes de convocatoria da subvención que aproba anualmente. Porén, no caso de incumprimento da obriga de asistencia prevista nas normas de funcionamento interno e na normativa autonómica reguladora da bonificación, os/as proxenitores, titores/as ou representantes legais dos/as menores afectados, quedarán obrigados a abonar o importe correspondente polo servizo de atención educativa que lles corresponde.

No suposto de asistencias educativas en réxime de media xornada, o importe de atención educativa verase reducido á metade.

#### CONTÍAS EN FUNCIÓN DO IPREM ATENCIÓN EDUCATIVA

- Ata o do 50 % IPREM 00,00 €
- Do 50 % ao 75 % IPREM 34,91 €
- Do 75 % ao 100 % IPREM 69,81 €
- Do 100 % ao 125 % IPREM 112,13 €
- Do 125 % ao 150 % IPREM 133,29 €
- Do 150 % ao 200 % IPREM 147,05 €
- IPREM superior ao 200 % 169,26 €

2.3. Matrícula: A contía de matrícula será de 99 euros, por curso escolar para o alumado de renovación e de novo ingreso: 0,00 € por bonificación ao 100% pola Xunta de Galicia.

#### DESCONTOS

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo se aplicarán os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos pertencentes a familias numerosas 20%
- b) Nenos pertencentes a familias monoparentais 20%
- c) Irmás ou irmáns no centro 20% no segundo irmá/n e seguintes
- d) Cando por circunstancias sobrevenidas (solicitud fora de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50%
- e) Baixas anteriores ao día 15 do mes: 50%
- f) Por suspensión temporal debidamente xustificada e resolta polo órgano competente 50% no mes da suspensión cando supere máis de 15 días de ausencia continuados. 100% no mes da suspensión cando a ausencia teña lugar no mes completo.

Para a aplicación dos descontos se terán en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3

## EXENCIONES

- a) Familias con renda per capitá igual ou inferior a 7.500 €/ano
- b) Exención a partir do 2º fillo/a no centro
- c) Familias acolledores de menores con medidas administrativas de tutela ou garda
- d) Familias con una renda per capitá igual o inferior a 7.500 € anuais, exención a partir do segundo fillo.
- e) Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda.
- b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela o garda beneficiaranse, así mesmo, da exención total da cota.

### Artigo 6. Devengo e período impositivo

5.1. O devengo da taxa producirase cando se inicie a prestación do servizo e o período impositivo coincide co ano escolar (setembro a xullo), sen prexuízo da liquidación da taxa por meses naturais.

5.2. As normas de altas, baixa, suspensións, modificacións e relación á prestación do servizo son as recollidas nas normas de funcionamento interno da escola infantil.

5.3. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

### Artigo 7. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.”

Tordoia, 2 de decembro de 2025

O Alcalde,

D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2025/8185